



FIGUEIRÓ

Aldea de Figueyró era antes un simple lugar de Santiago de Estás, e foi desmembrado desta, e erixido en parroquia en todo independente dela, por Auto que proveu o Sor. Bispo Dn. Xoán García Benito en 22 de Marzo de 1806 a consecuencia do expediente que sobre o asunto se formou e que foi bastante discutido. Resolveu que a provisión deste Beneficio fose Real e Ordinaria suxeita a concurso; e fixou para dotación congrua e sustentación do seu Párroco a terceira parte dos décimos e primicias que na referida de Estás percibía o Convento de Relixiosas de Villa Vieja de Redondela sen facer novidade algunha na parte de décimos e primicias que percibía o Abade de Estás. Colócase nesta nova igrexa por primeira vez o SSmo. Sacramento no ano seguinte 1807; e no mesmo tiveron principio os seus libros Sacramentais. Venera Figueyró por Patrón tutelar a Sn. Martiño Bispo Turonense, a quen celebran a súa festa o 11 de Novembro. Habitana 99 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Tomiño, e polo político e gubernativo ao de Barrantes. Vale a parte de décimos que leva o Abade 3.055 reais, segundo arriba dicimos; o que ten casa reitoral e pequeno igrexario, e percibe de renda anual 2 ferrados de millo. A fábrica da Igrexa cobra 80 reais. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Confina co Miño. Dista de Tui 2 leguas e media.” (Ávila y La Cueva, 540-541).



SAN MARTIÑO E SAN CAMPIO



Igrexa (87)

A parroquia de S. Martiño e S. Campio de Figueiró nace como tal por desmembración da de Estás, feita polo Bispo Xoán García Benito no ano 1806.

Utiliza como primeiro lugar de culto a Capela de Sto. Antonio de Padua. Esta era unha das tres que tiña a antiga matriz de Estás.

Sobre esta capela, que fora construída probablemente no século XV, comezouse a edificar o actual templo no ano 1804, consagrado como parroquia no ano 1807, coa reserva do Santísimo e o principio dos libros parroquiais.

Entre os anos 1871-1874 ten lugar unha remodelación, que practicamente chega a ser unha verdadeira reedificación, xa que se fai de novo toda a nave central, modifícase o presbiterio ao derrubar as sancristías existentes, e aprovéitanse os dous púlpitos que había nelas para poñer catro na nave central. Dáselle a forma que ten na actualidade.

Máis recentemente, no ano 1974, realízase outra reforma importante, consolidándoa; e no 1992 repárase o tellado e cámbiase o teitume de madeira.

O seu estilo é o propio de todas as igrexas que se constrúen nesta época na ribeira do Miño, copiando as erixidas nos séculos XVII-XVIII no norte de Portugal. Algúns chámans de estilo “manuelino” e os portugueses no principio falaban de “xesuítico”, facendo referencia a esta orde relixiosa.

Presenta unha planta rectangular, con tres naves separadas por intercolumnios pétreos, que sosteñen as arcadas de sustentación da bóveda de formigón.

O tellado é a dúas augas, excepto na capela maior que é a catro augas e máis alto.

A **fachada oeste** (90) presenta un corpo central, un pouco máis adiantado e enmarcado con pilastras, unido ás dúas torres xemelgas nos extremos.

Seguindo o eixe central atopamos a porta principal, moi esvelta, inserta nunha moldura de baixoreleve, acodada e rematada en cartela central. Adórnase con pilastras laterais estriadas e completas, nas que apoia unha cornixa partida no centro, para dar paso á moldura que ascende bordeando o oculo central ata chegar á base da fornella na que se atopa a imaxe de S. Martiño. Entre a porta e o óculo circular atópase a seguinte inscrición:

“ESTA ES LA CASA DEL DIOS VIVO
Y LA PUERTA DEL CIELO
FUNDADA EN 1803
REEDIFICADA EN 1866
CONSOLIDADA EN 1974”





A fornela enmárcase con dúas pilastras laterais e unha cornixa na que repousa a cruz pétrea.

Entre as pilastras da porta e as laterais hai dous limosneiros circulares gravados na pedra. As pilastras laterais son mixtas, cunha parte frontal lisa e outra lateral en cuarto de cana, que chega ata as pilastras laterais das torres. Sobre elas nace a moldura que circunda o resto da fachada e a cornixa exterior, que é partida. Nos extremos adórnase con pináculos de xarrón e no cumio con cruz pétrea.

As torres son de base cadrada e divídense en dous corpos. O inferior está apilastrado nas esquinas. No lado oeste é cerrado na totalidade, sen máis adorno que as pilastras e o reloxo situado na torre do lado norte. Unhas pequenas fiestras nos outros lados dan a luz necesaria no seu interior. Unha balaustrada voada dá paso ao segundo corpo, tamén de base cuadrangular e un oco por cada lado, que acolle cada un a súa campá. Son en total oito campás, que completan a escala musical. Ámbalas torres únense por unha pasarela, defendida por balaustrada, por detrás do frontis da fachada. O segundo corpo remátase





noutra balaustrada voada, con pináculos cónicos nas esquinas, que acolle unha cúpula pétre a modo de bulbo rematada en veleta e cruz metálica.

Os paramentos norte e sur da nave están revocados en branco, deixando en pedra os contrafortes, a cornixa e os recercados de portas e ventás. Cada contraforte sustenta un pináculo cónico rematado en bola.

A fachada leste fórmase polo paramento da capela maior, máis alto, acollido en curva por cada lado, pola sancristía e a capela de S. Campio.

Este paramento da ábsida está tamén apilastrado nas esquinas. No seu eixe central, sobre peaña, atópase a imaxe de Sta. Arquelaida realizada en pedra no ano 2002 por Xosé Antúñez Pousa (“Zopo”), de Tomiño. E no ocelo ovoide, tamén cunha pequena peaña, a de Sto. Antonio de Padua, do mesmo escultor e ano. Todas as esculturas e relevos de pedra do Santuario, como as fontes, son obras deste escultor.

No **interior** (91) conserva 4 retablos. Todos eles son obra do escultor Cándido Sobrino, de A Guarda, e do tallista Antón Xosé Carballo, de Loivo (Portugal); foron realizados no ano 1873.

O maior cobre todo o paramento da ábsida. No sotobanco, uns a modo de **atlantes (92)** sosteñen as dúas pilastras exteriores e as catro columnas que forman as cinco rúas do seu corpo. No altar está situado o Sagrario. Unha gran fornela central rompe o entablamento que separa o ático e acolle a **S. Martiño (88)**.

No ático destacan as imaxes dos **evanxelistas (94)** situados enriba das pilastras e das columnas máis externas. No centro, outra fornela máis pequena, enmarcada por columnas e dous anxos dourados en peaña, acolle a imaxe do Sagrado Corazón. Outro pequeno entablamento partido dá paso á Gloria de Deus. Remátase todo o retablo en florón.

Os outros retablos están dedicados á Inmaculada, á Virxe de Fátima, e ao **Cristo da Esperanza (95)**.

A maioría da imaxinería que conservan os retablos é a orixinal, aínda que esta excesivamente restaurada, perdendo sinxeleza e a inxenuidade primitiva.

A nave norte está presidida pola **capela de S. Campio (99)**. Nela, un baldaquino de oito columnas mixtas acolle a urna do Santo. Ten unha altura de 7 metros, e a circunferencia da base mide 10,80 metros. Foi construído no ano 1877 por Xosé Antón Carballo, de Gondarem, e o seu pai Xoaquín Carballo, de Loivo. Custou 8.500 reais. Dourouno Xosé Elías Barbosa, de Áncora, no ano 1894. Na parede, sobre peaña, a imaxe de **Sta. Arquelaida (100)**, realizada no ano 2001 por Anxo Goiás, de A Guarda.

A **imaxe de S. Campio (89)** é unha talla do século XVII realizada en madeira. Constan moitas restauracións da mesma esixidas polos roces que, cando está exposta fóra da urna, sofre debido ás manifestacións de devoción dos fieis.

O Santuario conserva tres reliquias do Santo **(101)**.

A devoción a S. Campio neste lugar vai unida á capela primitiva aquí existente e dedicada a Sto. Antonio de Padua, onde xa se veneraba cando esta parroquia non existía e pertencía a Estás. Consta no libro da Confraría existente como de “Sto. Antonio e S. Campio”.

Todos os retablos foron restaurados recentemente.

Na nave central destaca a presenza de catro púlpitos. Dous eran os orixinais. Os outros dous foron traídos das dúas sancristías derruídas cando se ampliou o templo no ano 1871. Son os que se atopan adosados ao arco triunfal.

Tamén aparece unha estrutura metálica para soporte do botafumeiro, que se inaugurou no ano 2000.





Nestes últimos anos, o Santuario sufriu unha gran transformación debido ás obras que se foron realizando nel. No momento actual ten varias edificacións para o servizo das xentes que a el acoden: capela penitencial, da cera e ofrendas, da pesa, salón de usos múltiples, refuxio de peregrinos, asadores, comedores, etc.

Cruceiro de S. Martiño (103)

No praza do Santuario.

O seu autor é Xosé Antón Araujo Ramallosa, natural de Gondarem, que contratou a obra o 11 de abril de 1875 pola cantidade de 6.500 reais, cantidade na que ían incluídos os materiais, menos a madeira do andamiaxe.

Ten unha base circular de 90 cm. de altura, sobre a que se sitúa unha escalinata de catro chanzos, de base octogonal. Sobre ela un pedestal, tamén octogonal, de 1,60 m. de altura, no que están labrados en releve distintos **motivos da Paixón** (104) e unha corda que os suxeita contra o pedestal. Hai tamén unha cartela coa data da súa construción.

O fuste é cilíndrico, cunha altura de 4,20 m. A súa parte inferior adórnase con bandas entrelazadas.

O capitel, con adornos florais, da paso á cruz con Cristo morto no anverso e a Virxe sobre o mundo e pisando a serpe no reverso.

No ano 1906 colocouse a varanda de protección.

FESTAS E ROMAXES DE FIGUEIRÓ

- S. Campio: venres, sábado e domingo da última semana de xullo
- S. Martiño: 11 de Novembro.

